

## **Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas**

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 111/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, don \_\_\_\_\_, administrador da empresa Hermanos Toimil Garcia, S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra, don \_\_\_\_\_, conselleiro delegado da empresa Inasus, S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra, don \_\_\_\_\_, membro do consello de administración da empresa Industrias Guerra, S.A. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Metalúrgica del Deza, S.A. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

E doutra, don \_\_\_\_\_, administrador único da empresa Engineering Rinosteel, S.L., S.L. como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

### **EXPOÑEN**

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa colaboradora.

6º. Que as empresas asinantes están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto

no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas asinantes para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e no IES Laxeiro.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

### CLÁUSULAS

**Primeira.** O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia os currículos de formación profesional establecidos no Decreto 44/2010, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en construcións metálicas e o Decreto 173/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en proxectos de obra civil.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro do 2021 ata o 31 de agosto de 2023.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior en construcións metálicas e a formación do módulo de representacións de construción do ciclo superior en proxectos de obra civil.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estada do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

**Segunda.** As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo (distribución da formación curricular do ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

**Terceira.** As empresas asinantes comprométese a acoller nas súas instalacións un mínimo de 12 alumnos e alumnas, para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

As empresas asinantes colaborarán coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. As empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal das empresas xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que as empresas se compromete/n a acoller nas súas instalacións.

**Cuarta.** As empresas asinantes comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante. Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas asinantes achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 500 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente na empresa. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora na empresa.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de

datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

**Quinta.** O alumnado adquirirá formación no centro educativo segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

**Sexta.** A estadía do alumnado na empresa axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

**Sétima.** O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado na empresa.

**Oitava.** Consonte o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 15 de xaneiro de 2020 (DOG do 27 de xaneiro de 2020), o alumnado deste proxecto poderá dispoñer da certificación da formación de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais con anterioridade ao período de formación na empresa, sempre que a correspondente formación se inclúa no programa formativo previo ao período de estadía do alumnado na empresa.

**Novena.** Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa nas empresas e nos centros educativos coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

As empresas asinantes nomearán unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro educativo designará un profesor ou unha profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsables da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

**Décima.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES Laxeiro.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Unha persoa representante de cada empresa asinante.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade actuará como secretario ou secretaria.

**Décimo primeira.** O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

**Décimo segunda.** Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á/s outra/s cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou das empresas.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre as partes asinantes.
- e. Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- f. Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

**Décimo terceira.** A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décimo cuarta.** Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano.

# 1. ANEXO

---

## 1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

**Código: 2021008001**

## 1.2 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Hermanos Toimil Garcia, S.L.	1
Inasus, S.L.	4
Industrias Guerra, S.A.	3
Metalúrgica del Deza, S.A.	3
Engineering Rinosteel, S.L.,	1
<b>Total</b>	<b>12</b>

## 1.3 Distribución da formación curricular

Duración do proxecto		Curso 2021-2022	Curso 2022-2023	FCT + Proxecto	
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo ( 60%)	600 h	463 h	-
	Empresa	Formación na empresa ( 40%)	465 h	409 h	410 h
<b>Total</b>			<b>2.347 h</b>		

FCT: formación en centros de traballo.

## 1.4 Temporalización dos módulos profesionais

### 1.4.1 Curso 2021-2022

#### Planificación

Curso 2021-2022												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
	Formación no centro educativo						Actividade profesionalizadora / formación na empresa					

#### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0162	Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica	16 0	100	60
MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	10 5	105	0
MP0245	Representación gráfica en fabricación mecánica	21 3	90	123
MP0246	Deseño de construcións metálicas	26 7	118	149
MP0248	Procesos de mecanizado, corte e conformación en construcións metálicas	21 3	80	133
MP0251	Formación e orientación laboral	107	107	0
<b>TOTAL</b>		<b>1065</b>	<b>600</b>	<b>465</b>

## 1.4.2 Curso 2022-2023

### Planificación

Curso 2022-2023													
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.	
Formación no centro educativo								Actividade profesionalizadora / formación na empresa					
		Actividade profesionalizadora / formación na empresa											

### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0163	Programación da produción	140	90	50
MP0247	Definición de procesos de construcións metálicas	140	100	40
MP0249	Procesos de unión e montaxe en construcións metálicas	192	100	92
MP0252	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
MP0563	Representacións de construción (CS de Proxectos de obra civil)	347	120	227
<b>TOTAL</b>		<b>872</b>	<b>463</b>	<b>409</b>